

SAL. 107540 07.09.15 10:46

INSTRUCCIÓN X/2015 DE XERENCIA POLA QUE SE REGULA A COLABORACIÓN DO PERSONAL DE CONSERXERÍA DOS CENTROS NA RENOVACIÓN DOS CONTRASINAIS DE ACCESO AOS SERVIZOS TELEMÁTICOS DA USC POR PARTE DOS SEUS USUARIOS

No Anexo III da Normativa sobre a utilización das Tecnoloxías da Información e Comunicación na USC, aprobada no Consello de Goberno o 22 de xullo de 2004, regúlase o procedemento de identificación e autenticación de usuarios que acceden a ficheiros de carácter persoal, establecendo que o responsable de asignar o contrasinal inicial e sucesivos é o administrador do sistema que ten a obriga, na medida das súas posibilidades, de garantir a intimidade, integridade e confidencialidade da información que manexa.

O elevado número de solicitude de credenciais de autenticación que se producen cada curso, fundamentalmente polo estudiantado, orixina momentos de grande demanda de xeración ou renovación de contrasinais, que até o de agora estaban sendo xestionadas polos técnicos administradores situados na Área TIC, no Pavillón de Servizos da USC. Non obstante, o artigo 84 do Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, establece que as autorizacións que se atribúen ao responsable do tratamento dos ficheiros con información de carácter persoal poderán ser delegadas nas persoas que se designen a tal efecto, que deberán constar no documento de seguridade correspondente sen que tal designación supoña unha delegación da responsabilidade que corresponde ao responsable do ficheiro.

Coa finalidade de mellorar a execución dese proceso, e en congruencia co establecido na Programación Plurianual 2015-2019, aprobada polo Consello Social o 22 de decembro de 2014, no sentido de mellorar a participación do persoal de conserxería nas tarefas relacionadas cos servizos TIC, é aconsellable habilitar de xeito inmediato a colaboración dese persoal na renovación dos contrasinais de acceso aos servizos telemáticos da USC por parte dos seus usuarios.

En consecuencia, esta Xerencia, establece que:

PRIMEIRO: O persoal de Conserxería dos centros da USC facilitará aos usuarios de servizos telemáticos os contrasinais de acceso aos mesmos de acordo coas instrucións operativas e o uso das ferramentas técnicas que proporcione a área TIC.

Esas instrucións e ferramentas poranse a disposición do persoal a través dos Conserxes dos Centros.

SEGUNDO: Os nomes e credenciais de acceso do persoal de conserxería dos centros incorporarase ao documento de seguridade, habilitándose os permisos necesarios para que podan acceder ás ferramentas web coas que desenvolver a tarefa indicada no apartado anterior.

XERENCIA

Casa da Balconada. Rúa Nova, 6.
15782 Santiago de Compostela
Tel 881811010- Fax:881 811210
Correo electrónico: xerente@usc.es

TERCEIRO: A participación do persoal de conserxería neste proceso non implica a asunción pola súa parte da responsabilidade que, en materia de protección de datos de carácter persoal, corresponde ao administrador do sistema e responsable do ficheiro.

Santiago de Compostela, 7 de setembro de 2015

O xerente



Jose Manuel Vilanueva Prieto